

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

**DESTINATARIO: MESA DE CONTRATACIÓN**

**ASUNTO:**

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO. (EXPDTE 16269-445)**

A mesa de contratación de data 5 de Xullo do 2024 realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación dos servizos de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

1. CONTITRADE ESPAÑA, S.A.
2. NEUMÁTICOS BERBÉS, S.L.
3. RODI GALICIA, S.L.

De acordo co recollido nos apartados 6.A, e 7.A., das FEC, para a avaliación da oferta presentada polo licitador no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

**A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 6.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POLO LICITADOR NO SOBRE “B”.**

Para cada licitador procedese a revisión da citada documentación, tendo en conta os requisitos para a presentación da documentación sinalados no apartado 6.A das FEC para cada un dos criterios a avaliar, indicando as incidencias en relación a non cumprir ditos requisitos no referente a extensión da documentación presentada e o peso dos arquivos presentados.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 1 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

Segundo se recolle no apartado 7.A. das FEC, cando a documentación relativa aos citados criterios presentada *non cumbran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato de páxina e número de páxinas máximas descritas ou arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asinados ao citado criterio-*

O resultado desta avaliación da documentación presentada segundo as especificacións do apdo 6.a das FEC reflectidas anteriormente, indican que **non superan as extensións e pesos dos arquivos determinadas no apdo 6.A das FEC e ademais aportaron un arquivo dixital único** para cada apdo, polo tanto as empresas presentadas CUMPREN TODAS este requisito.

#### **B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.**

A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida no presente informe de acordo co estipulado nos apartados 6.A. e 7.A. das FEC, indicando as puntuacións obtidas a xuízo de valor dos técnicos que o subscriben.

*A documentación a presentar divídese nos seguintes criterios:*

- a) **Descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do subministro e servizos derivados do presente contrato**, desenvolvendo os procedementos de traballo nos que se especifique os sistemas que utilizan para cada tipo de traballo: valorarase con ata 4 puntos.
- b) **Descrición e relación dos medios materias e instalacións propostos para o desenvolvemento do subministro e servizos derivados do presente contrato**. Definirase as instalacións das que dispón o adxudicatario e que serían destinadas ás necesidades dos traballos definidos no PPPT. Incluirase localización, dimensións, equipamento e forma de uso das mesmas: valorarase con ata 4 puntos.
- c) **Descrición da organización e medios humanos destinados a execución do subministro e servizos derivados do presente contrato**. Indicarase o número de traballadores que poden ser destinados a cubrir os traballos deste contrato indicando as cualificacións de cada un deles. Definiranse tamén os horarios de traballo no taller ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 2 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

talleres que o adxudicatario pon a disposición das necesidades do Concello: valorarase con ata 4 puntos.

d) **Descrición e relación da/s unidade/s móbiles que serán destinadas á asistencia técnica dos vehículos que compoñen a flota municipal:** valorarase con ata 4 puntos.

e) **Medidas propostas para o controlar e garantir a calidade dos traballos a executar, indicándose os certificados de calidade e homologacións dos distintos tipos de traballo:** valorarase con ata 4 puntos.

Para asignación da puntuación de cada unha das memorias, se aplicarán **as regras xerais de puntuación indicadas no apartado 7.A. das FEC, que se transcriben a continuación:**

1.- Outorgarase a máxima puntuación fixada para a valoración da MEMORIA TÉCNICA DA PROPOSTA ORGANIZATIVA PARA O DESENVOLVEMENTO DO OBXECTO DO CONTRATO, cando a mesma se atope desenvolva cun alto grao de detalle sobre os contidos indicados e cun análise específico, coherente e idóneo coa proposta presentada.

2.- Descontarase da puntuación máxima prevista para a memoria, a metade do valor máximo indicado en cada contido, por cada un de estes que non conteña unha adecuada información ou tamén cando o desenvolvemento do seu contido considérese escaso.

3.- Descontarase da puntuación máxima prevista para a memoria, o valor máximo indicado en cada contido, cando a proposta desenvolva nese contido a avaliar, conteña aspectos contraditorios internos ou en relación co obxecto do contrato, ou non recolla ningunha achega a maiores das establecidas no propio PPTP que define as obrigas para a execución do obxecto do contrato.

4.- Cando a documentación do criterio non cumpra cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato de páxina e número de páxinas máximas descritas ou arquivo único, procederase a súa valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados ao citado criterio.

Da avaliación destes aspectos, procederase á asignación da puntuación en cada un dos apartados, para o cal se outorgará a maior puntuación do proceso de avaliación á que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos



Copia do documento - Concello de Vigo  
16269-445

Data impresión: 16/07/2024 08:20

Páxina 3 de 12

CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa da oferta de maior puntuación.

### C.- ANALISE E VALORACIÓN DAS OFERTAS SEGUNDO OS CRITERIOS.

#### a) PROCEDEMENTOS A DESENVOLVER NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS DERIVADOS DO PRESENTE CONTRATO

*Valorarase con ata 4 puntos. Deberá recoller unha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do subministro e servizos derivados do presente contrato, desenvolvendo os procedementos de traballo nos que se especifique os sistemas que utilizan para cada tipo de traballo.*

#### **EMPRESA : CONTITRADE S.A.**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Aporta documentación e identifica procedementos de traballo específicos axustados as obrigas informadas no PPTP, a excepción dos procedementos que identifiquen as características requiridas para a realización dos subministro dos pneumáticos.

En canto a identificación do resto da actividades de procedemento para o desenvolvemento dos traballos as describe de forma xenérica e polo tanto non adaptadas os requirimentos do concello, como o control de actividades, persoa nomeada polo adxudicatario para resolución de problemas. Asemade non fai referencia os tempos máximos de actuación en relación os tipos de vehículos, así como os pedidos dos pneumáticos novos e procedemento indicado no PPT.

Se considera a documentación non presenta alto grado detalle, a información non é específica, sendo escasa e algúns campos, sin ser contraditoria co prego. Valorase con 2 puntos.

#### **EMPRESA : NEUMATICOS BERBES SL**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo  
16269-445

Data impresión: 16/07/2024 08:20

Páxina 4 de 12

CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

Procedementos de traballo detallados axustados os requirimentos do PPTP, aportando información adicional sobre estes, en canto os subministro de pneumáticos e traballos a realizar considerados no PPT.

En canto os servizos complementarios, detalla os tempos máximos de actuación para garantir o servizo, canal de pedidos detallado, nomeamento persoa responsable, prazos de resposta segundo características dos pneumáticos, informa xestor de residuos con carta de compromiso, aplica as garantías os requirimentos do PPT.

Se considera que a documentación presentada ten alto grado detalle sobre os contidos indicados e con análise específico. Valorase con 4 puntos.

#### **EMPRESA : RODI GALICIA S.L.**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Procedementos de traballo non axustados as especificacións establecidas no PPT, escasa información aportada dos traballos previstos nin dos procedementos do subministro do material.

En canto os servizos complementarios, informa dos tempos máximos de actuación para garantir o servizo, canal de pedidos , nomeamento persoa responsable, prazos de resposta segundo características dos pneumáticos, informa xestor de residuos con carta de compromiso, aplica as garantías os requirimentos do PPT.

Se considera a documentación non presenta grado detalle, escasa e non específica. Valorase con 2 puntos.

#### **b) DESCRICIÓN E RELACIÓN DOS MEDIOS MATERIAS E INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SUBMINISTRO E SERVIZOS DERIVADOS DO PRESENTE CONTRATO**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 5 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

Valorarase con ata 4 **puntos**. Definirase as instalacións das que dispón o adxudicatario e que serían destinadas ás necesidades dos traballos definidos no PPT. Incluirase localización, dimensións, equipamento e forma de uso das mesmas.

#### EMPRESA : CONTITRADE S.A.

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Número de talleres que adscribe o servizo e todos eles dentro do termo municipal de Vigo e de seis (6), dous para Camións e vehículos industriais e catro para turismos e furgonetas, establece a súa localización, non son propios e non aporta cartas de compromiso, non describe equipamento particularizado para cada taller sino de recursos mínimo que deben empregar todos os talleres, tampouco establece a superficie de xeito particularizado.

Se considera que a documentación presentada non ten o análise específico solicitado para descrición das instalacións co detalle solicitado. Valorase con 2 puntos.

#### EMPRESA : NEUMÁTICOS BERBES SL

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Indica ó número de talleres que adscribe (4) para a realización do servizo, identifica o uso dos mesmos tanto para vehículos e camións, presenta descrición do equipamento deles de forma específica, establece superficies e localización para cada un detallada. Informa de unidades móbiles a disposición do contrato, o que permite xustificar a realización do servizo dentro do termo municipal.

Se considera que a documentación presentada ten o análise específico solicitado. Valorase con 4 puntos.

#### EMPRESA : RODI GALICIA S.L.

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Indica ó número de talleres que adscribe (2) para a realización do servizo, identifica o uso dos mesmos tanto para vehículos e camións, descrición do equipamento, non establece



Copia do documento - Concello de Vigo  
16269-445

Data impresión: 16/07/2024 08:20

Páxina 6 de 12

CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

superficies, a localización dos talleres esta definida estando o taller para camiões fora do termo municipal. Informa de unidades móbiles a disposición do contrato aínda que non especifica o uso das mesmas en relación o servizos que poidan prestar.

Se considera a documentación non presenta grado detalle, sendo escasa e algúns campos,. Valorase con 2 puntos.

**c) DESCRIPCIÓN DA ORGANIZACIÓN E MEDIOS HUMANOS DESTINADOS A EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS DERIVADOS DO PRESENTE CONTRATO.**

*Valorase con ata 4 puntos. Indicarase o número de traballadores que poden ser destinados a cubrir os traballos deste contrato indicando as cualificacións de cada un deles. Defíniranse tamén os horarios de traballo no taller ou talleres que o adxudicatario pon a disposición das necesidades do Concello.*

**EMPRESA: CONTITRADE S.A.**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Non identifica o número de persoas por taller nin a súa estrutura e canto o persoal se refire, informa do numero total de persoal adscrito o servizo e da súa estrutura soporte, así como os horarios dos talleres todos os días horarios laborables, tarde e sábados, sendo estes axeitados para o desenvolvemento do servizo.

Se considera que a documentación presentada é escasa, non ten o análise específico solicitado sendo o contido mellorable. Valorase con 2 puntos.

**EMPRESA : NEUMATICOS BERBES SL**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Identifica para cada taller o número de persoas, categorías e funcións así como a súa estrutura soporte, sendo o número apropiados para desenvolvemento do servizo, informa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 7 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

da organización con detalle, especifica horarios dos talleres, sendo estes axeitados para o desenvolvemento do servizo.

Se considera que a documentación presentada ten o análise específico solicitado. Valorase con 4 puntos.

**EMPRESA : RODI GALICIA S.L.**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Identifica o número de persoas por taller, aínda que non a estrutura organizativa, sendo o número apropiados para desenvolvemento do servizo, non especifica horarios dos talleres, a información é escasa

Se considera a documentación non presenta alto grado detalle, sendo escasa, sin ser contraditoria co prego. Valorase con 2 puntos.

**d.) DESCRICIÓN E RELACIÓN DA/S UNIDADE/S MÓBILES QUE SERÁN DESTINADAS Á ASISTENCIA TÉCNICA DOS VEHÍCULOS QUE COMPOÑEN A FLOTA MUNICIPAL.**

**EMPRESA: CONTITRADE S.A.**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Dispón de tres unidades móbiles, para a realización de calquera dos servizos solicitados e para vehículos de calquera uso, o equipamento das unidades móbiles e detallado aínda que xenérico para todas elas, non aporta documentación acreditativa da súa homologación para o servizo, nin as características técnicas e modelos de cada unidade móbil para súa avaliación.

Se considera a documentación presentada ten o análise específico solicitado pero o contido e mellorable. Valorase con 2 puntos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 8 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

### EMPRESA : NEUMATICOS BERBES SL

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Dispón de dous unidades móbiles, para a realización de calquera dos servizos solicitados, para vehículos de calquera uso, informa das características técnicas dos vehículos e a súa homologación, establece como mellora un servizo de emerxencia de 24 horas. A información é clara e detallada.

Se considera que a documentación presentada ten o análise específico solicitado. Valorase con 4 puntos.

### EMPRESA : RODI GALICIA SL.

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Dispón de catro unidades móbiles, informa das características técnicas dos vehículos e a súa homologación, pero non permite identificar o uso segundo a tipoloxía dos pneumáticos das mesmas.

Se considera a documentación non presenta alto grado detalle, sendo escasa, sin ser contraditoria co prego. Valorase con 2 puntos.

### e.) MEDIDAS PROPOSTAS PARA O CONTROL E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR, INDICANDO OS CERTIFICADOS DE CALIDADE E HOMOLOGACIÓNS DOS TIPOS DE TRABALLOS.

Valorarase con ata 4 puntos.

### EMPRESA: CONTITRADE

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 9 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

Presenta certificados de calidade tipo 9001 y medioambiental 14.001, establece un procedemento específico para garantir a calidade da realización dos traballos a través de procedementos de control dos distintos servizos.

Se considera que a documentación presentada non é específica. Valorase con 4 puntos.

**EMPRESA : NEUMATICOS BERBES SL**

O resumo da información presentada segundo os criterios da avaliación é a seguinte:

Non presenta certificados de calidade empresarial, establece un procedemento para garantir a calidade durante a realización dos traballos no que falta detalle e polo tanto mellorable.

Se considera que a documentación presentada é escasa. Valorase con 2 puntos.

**EMPRESA : RODI GALICIA SL.**

Non aporta ningún tipo de documentación para a valoración deste apartado.

Valorase con 0 puntos.

**C.- CADRO RESUME DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS DO XUÍZO DE VALOR**

De acordo cos aspectos, motivación e puntuación indicados no presente informe, emítase a táboa resumo, que se achega ao presente informe, onde se resume a valoración proposta para cada unha das empresas licitadoras segundo a suma dos criterios anteriormente avaliados, **antes de aplicar as regras de valoración recollidas no apdo 7.A.4 do anexo I FEC do PCA**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 10 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO  
(EXPDTE 16269/445)

LICITADOR	CONTITRADE S.A.	NEUMATICOS BERBES S.L.	RODRI GALICIA S.L.
7.A.APDO a.) PROCEDIMENTOS A DESENVOLVER NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS ASOCIADOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO b.) MEDIOS E INSTALACIÓNS PROPOSTOS NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS ASOCIADOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO c.) ORGANIZACIÓN E MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS ASOCIADOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO d.) RELACIÓNS DE UDS MÓBILES PARA ASISTENCIA TÉCNICA DOS VEÍCULOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO e.) MEDIDAS PROPOSTAS PARA CONTROLAR E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR (4 PTOS)	4,00	2,00	0,00
<b>PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUÍZO DE VALOR</b>	<b>12,00</b>	<b>18,00</b>	<b>8,00</b>

REITERASE QUE NA TÁBOA ANTERIOR NON SE ENCONTRAN APLICADAS AS REGRAS DE VALORACIÓN RECOLLIDAS NO APARTADO 7.A. DAS FEC,

Segundo se recolle no apartado 7.A. das FEC, cando a documentación do criterio presentada *non cumbran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, formato de páxina e número de páxinas máximas descritas ou arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asinados ao citado criterio.*

Como todas as empresas cumpren os criterios reflectidos anteriormente non procede aplicación das consideracións anteriores, sendo finalmente a puntuación deste punto e como sigue:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 11 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

PARQUE MOBIL

CONCELLERÍA  
DE  
FOMENTO

CONCELLO  
DE VIGO



EXPDTE 16269-445

PROCEDIMENTO ABERTO DO SUBMINISTRO, MONTAXE E ASISTENCIA TÉCNICA DE PNEUMÁTICOS DO PARQUE MÓBIL DO CONCELLO DE VIGO  
(EXPDTE 16269/445)

LICITADOR	CONTITRADE S.A.	NEUMATICOS BERBES S.L.	RODRI GALICIA S.L.
7.A.APDO a.) PROCEDIMENTOS A DESENVOLVER NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS ASOCIADOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO b.) MEDIOS E INSTALACIÓNS PROPOSTOS NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS ASOCIADOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO c.) ORGANIZACIÓN E MEDIOS HUMANOS PROPOSTOS NA EXECUCIÓN DO SUBMINISTRO E SERVIZOS ASOCIADOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO d.) RELACIÓN DE UDS MÓBILES PARA ASISTENCIA TÉCNICA DOS VEÍCULOS (4 PTOS)	2,00	4,00	2,00
7.A.APDO e.) MEDIDAS PROPOSTAS PARA CONTROLAR E GARANTIR A CALIDADE DOS TRABALLOS A EXECUTAR (4 PTOS)	4,00	2,00	0,00
<b>PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUÍZO DE VALOR</b>	<b>12,00</b>	<b>18,00</b>	<b>8,00</b>

Do presente informe dásele traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

**Vigo, na data da sinatura electrónica**

O Enxeñeiro de Camiños, canais e Portos D. Juan Manuel Sánchez González

**CONFORME:**

O Xefe do Area de Servizos. - D. Jerónimo Centrón Castaños.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/07/2024 08:20	Páxina 12 de 12
16269-445	CSV: ACA45A-B88734-56E42H-95PAFQ-TCBKWG-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		